

RESOLUCIÓN POLA QUE SE NOMEAN OS VOGAIS DA COMISIÓN DE VALORACIÓN

Pola Orde do 8 de xuño de 2026 apróbanse as bases reguladoras que rexerán o concurso público de once bolsas de formación en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e procédese á súa convocatoria (DOG núm. 115, do 22 de xuño de 2026).

A base décima da orde de convocatoria (*Instrución*) establece que, para a adxudicación das bolsas, constituirase unha comisión de valoración que levará a cabo a avaliación das solicitudes admitidas e que estará integrada polos seguintes membros:

- **Presidente:** o coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- **Secretario:** o secretario dos Consellos Científico e Executivo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- **Vogais:** Dous funcionarios da Secretaría Xeral da Lingua e un director dos proxectos de investigación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, propostos polo coordinador científico e nomeados polo secretario xeral da Lingua.

Co previsto na base décima da orde de convocatoria, e logo da proposta efectuada polo coordinador científico do CRPIH, RESOLVO

Nomear os seguintes vogais que integrarán a comisión de valoración para a adxudicación das ditas bolsas:

- Vítor Míguez Rego
- Ruth Otero Vilar
- Celsa Margarida Iglesias de Sousa

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral da Lingua
Valentín García Gómez

